

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 02.03.2017

Hora: 16:00

A Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de marzo de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Preguntas orais en Comisión**

- 1.1 3583 (10/POC-000583)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 5 máis  
Sobre a produción de viño rexistrada en Galicia no ano 2016, o valor do comercializado na campaña 2015-2016 e a evolución das cifras de exportación nos últimos anos, así como as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e a internacionalización do sector vitivinícola  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017*
- 1.2 4480 (10/POC-000766)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración no ano 2017 dun plan estratéxico de innovación no medio rural dirixido á sustentabilidade das explotacións agrogandeiras e das pequenas e medianas industrias agroalimentarias, a dotación ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria dos medios humanos e materiais necesarios, así como a aprobación do regulamento de adaptación dos seus estatutos aos da axencia pública  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 1.3 4607 (10/POC-000788)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio  
Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos impagos que están a padecer os gandeiros das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá por parte dos operadores intermediarios coas industrias transformadoras do leite, a existencia deste problema noutras comarcas e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para evitalo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*

- 1.4 4657 (10/POC-000797)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Consellería do Medio Rural para o pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016, así como as medidas que vai adoptar para evitar esta situación no ano 2017  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 1.5 4832 (10/POC-000839)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis  
Sobre o alcance e a situación actual da praga de couza guatemalteca da pataca en Galicia, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde que se detectou a súa presenza e as previsións da Consellería do Medio Rural cara ao futuro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*

**Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**

- 2.1 4552 (10/PNC-000435)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias de persoal cualificado que padecen as explotacións gandeiras de vacún de leite  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 2.2 4707 (10/PNC-000450)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Agricultura en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a plantación de pataca  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 2.3 4754 (10/PNC-000457)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para controlar e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca, atender os cultivadores afectados e cubrir os danos futuros, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.<sup>a</sup>, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 02.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 02.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 3583(10/POC-000583)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 5 máis

Sobre a produción de viño rexistrada en Galicia no ano 2016, o valor do comercializado na campaña 2015-2016 e a evolución das cifras de exportación nos últimos anos, así como as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e a internacionalización do sector vitivinícola

*Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017*

## **A Mesa do Parlamento**

**Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Nos últimos anos, o sector vitivinícola galego, ten experimentado unha evolución altamente positiva, e non sendo alleo ao contexto económico no que vivimos, a pesar das dificultades, os datos en canto a produción, comercialización e exportación de viño seguen a ser positivos.

E isto débese principalmente ao gran traballo que teñen feito os viticultores, produtores, adegueiros e os Consellos Reguladores das cinco Denominacións de Orixe (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras) que teñen unha relevancia económica e social moi importante nas comarca nas que se estenden.

Un traballo que foi refrendado e fortalecido pola Consellería do Medio Rural, a través da convocatoria de diferentes liñas de axuda en varios eidos, así como en accións promocionais mediante diferentes fórmulas, a presenza en feiras e certames comerciais con stands institucionais, ou a organización de eventos como as Catas-concurso dos viños de Galicia, que se teñen convertido nun auténtico referente no panorama vinícola galego e español.

Tendo en conta a importancia do sector vitivinícola para a economía galega, que implica a máis de 17.000 viticultores e preto de 450 adegas, os deputados asinantes presentamos as seguintes preguntas:

1. Cal foi o produción de viño galego no ano 2016?
2. Cal é valor do viño comercializado na campaña 2015-2016?





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2017 17:06  
Nº Rexistro: 3583  
Data envío: 17/01/2017 17:06:07.317

3. Cal é a evolución das cifras de exportación nos últimos anos?
4. Cales foron as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e internacionalización do sector vitivinícola?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2017 17:01:44**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2017 17:01:52**

**José González Vázquez na data 17/01/2017 17:02:00**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2017 17:02:12**

**Carlos Enrique López Crespo na data 17/01/2017 17:02:20**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2017 17:02:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes**

**Día: 02.03.2017                    Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2      4480(10/POC-000766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración no ano 2017 dun plan estratéxico de innovación no medio rural dirixido á sustentabilidade das explotacións agrogandeiras e das pequenas e medianas industrias agroalimentarias, a dotación ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria dos medios humanos e materiais necesarios, así como a aprobación do regulamento de adaptación dos seus estatutos aos da axencia pública

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/02/2017 10:22  
Nº Rexistro: 4480  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Un dos obxectivos fundamentais asignados ao INGACAL é o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira e alimentaria de Galiza, así como o impulso do desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica. Actúa como medio propio da Administración en áreas basicamente tecnolóxicas como son a investigación e a transferencia de tecnoloxía.

A xeración de investigadores formada nos mellores centros de investigación agraria do mundo, nos anos 70 do pasado século, xubilouse coincidindo coas lexislaturas do sr.Fejjoo como Presidente do Goberno Galego.

Moitos investigadores seguiron voluntariamente ata os 70 anos, (a algún deles negóuselles poder continuar cumpridos os 65) e ós investigadores que realizaron as súas teses ó abeiro da súa experiencia e coñecemento, non se lles deu a oportunidade de continuar por non convoca-los procesos selectivos para cubri-las prazas de investigación vacantes, tendo que marcharse con máis de 40 anos de idade con extensos e brillantes curriculum, adaptados ás liñas prioritarias de investigación agraria.

Entre as liñas de investigación mais salientables que quedaron sen investigadores e que afectan ós sectores fundamentais do rural galego destacan:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

---Economía agraria.

---Mellora xenética de millo.

---Banco de xermoplasma de variedades pratenses.

---Sistema extensivo de produción de carne de vacún en base a pastos e forraxes.

Estas liñas de investigación poderían ter continuidade se fosen convocados os procesos selectivos para cubrir ditas prazas vacantes.

A Xunta de Galicia, que só dispón de organismos de investigación pública nas áreas de investigación agraria (incluído o sector forestal) e pesca, non ten orzamentada ningunha vía de financiación que permita realizar proxectos de investigación agraria no INGACAL.

O organismo que debería financiar os centros da Xunta, o GAIN deixou fóra o INGACAL, pero non así a outros centros que dependen do Estado, como o CSIC, que ven recibindo anualmente 400.000 euros vía convenios.

A consellería de pesca si orzamenta ao redor de un millón de euros anuais para proxectos de investigación, que non foron transferidos ó GAIN, en cambio si foron transferidos, no seu momento e co obxecto “dunha mellor xestión e coordinación administrativa” ao GAIN, os preto de 400.000 euros anuais que dispoñía a consellería de medio rural para financiar proxectos estratéxicos de investigación agraria.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, no seu Artigo 49º :Organización dos traballos dos medios propios e servizos técnicos, establece que:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

*“O medio propio deberá dispor da estrutura e dos servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos que desenvolva e das prestacións encargadas así como da súa calidade técnica”.*

O Goberno da Xunta está tamén a incumprir as súas propias directrices sinaladas na *“GUÍA DA COLABORACIÓN PÚBLICO-PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTONÓMA DE GALICIA”*, elaborada pola Consellería de Vicepresidencia, que no seu artigo 8, referente a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público sinala:

*“as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico”*

Por todo o exposto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Vai a Xunta de Galicia elaborar no presente ano un Plano Estratéxico de Innovación no medio rural galego, debidamente orzamentado e estruturado en accións concretas en materia de investigación, formación, transferencia e innovación agraria dirixido á sustentabilidade económica, social e ambiental das explotacións agrogandeiras e das pequenas e medianas industrias agroalimentarias de Galiza. Contando para iso, de forma principal, cos centros de investigación e centros de formación e experimentación agroforestal da consellaría do Medio Rural, que deben actuar de forma conxunta e coordinada como axentes de desenvolvemento e de innovación no rural?

- Pensa dotar de forma inmediata ao ente público INGACAL dos bens humanos e materiais que lle permitan cumprir os obxectivos que lle foron consignados na lei 2/2005



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

de calidade alimentaria de Galiza e no seu decreto de funcionamento (259/2006, do 28 de decembro). En concreto: a) finalizar a adscrición dos bens dos Centros de Investigación da Consellería de Medio Rural ao ente público Instituto Galego da Calidade Alimentaria, proceso paralizado desde comezos de 2009; b) restituír os fondos propios para os gastos de funcionamento dos centros dependentes do INGACAL e c) convocar a cobertura urxente de postos de investigación para as áreas estratéxicas descritas, con carácter interino ou permanente, mediante convocatoria pública nas distintas especialidades e tendo en conta o perfil e os méritos do persoal?

- Vai emprender no presente ano a elaboración e aprobación do regulamento de adaptación dos estatutos do ente público INGACAL ós de axencia pública segundo o disposto na LOFAXGA así como dun programa de actuación cuadrienal onde figuren os obxectivos operativos, o cadro de persoal e a correspondente dotación orzamentaria, todo elo en consonancia coa planificación do Plano Estratéxico de Innovación no medio rural galego e as estratexias de especialización (RIS3) da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2017 10:22**  
**Nº Rexistro: 4480**  
Data envío: 03/02/2017 10:22:30.429

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/02/2017 10:20:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2017 10:20:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2017 10:20:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2017 10:20:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2017 10:20:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2017 10:20:53**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 02.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 4607(10/POC-000788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos impagos que están a padecer os gandeiros das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal por parte dos operadores intermediarios coas industrias transformadoras do leite, a existencia deste problema noutras comarcas e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para evitalo

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A existencia de operadores intermediarios que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos, comprándolle o leite aos primeiros e vendéndollelo ás segundas, carece das garantías suficientes para os produtores, xa que estes intermediarios non teñen que depositar ningún tipo de aval ou garantía para o produto que moven. Este é un tema que se vén denunciando publicamente desde distintos ámbitos, e nos últimos meses acadou maior relevancia dado o número de non pagamentos aos gandeiros. As organizacións agrarias falan que arredor de 200 granxas estarían afectadas por esta situación en toda Galicia.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Consellería do Medio Rural dos non pagamentos por parte dos operadores intermediarios que están a sufrir os gandeiros e gandeiras das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá?

2ª) Estando a producir este tipo de impagos en máis comarcas, no seu caso, en cales?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar a Consellería do Medio Rural para que non se produzan estes impagos?

4ª) Por que estes operadores intermediarios non teñen que presentar ante a empresa transformadora ou a Consellería do Medio Rural un aval que garanta os pagos?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2017 09:30  
Nº Rexistro: 4607  
Data envío: 06/02/2017 18:34:18.103



---

 Grupo Parlamentario

5ª) Pode ser que a aparición destes primeiros compradores sexa unha das causas de que o prezo do litro de leite non chegue a pagarse aos 0,297 céntimos que o que perciben un 35 % dos gandeiros e gandeiras de Galicia?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2017

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/02/2017 18:31:51**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 06/02/2017 18:32:02**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 02.03.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

1.4      4657(10/POC-000797)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Consellería do Medio Rural para o pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016, así como as medidas que vai adoptar para evitar esta situación no ano 2017

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.ª.**

O Plan de formación continuada no agro galego 2016 é unha actividade dirixida a mellorar a formación técnica das persoas que se dedican a Agricultura no noso País.

Entre as accións formativas que se levan a cabo neste Plan atópanse, cursos de diferente tipoloxía: aptitude empresarial agraria, de usuario profesional de produtos fitosanitarios (nível básico e cursos ponte), benestar animal e calquera outro curso de formación agroforestal e carácter esixíbel.

Indicar que o Plan de formación 2016, fixo especial fincapé na realización de cursos de aplicador manipulador de produtos fitosanitarios, incrementando o número de accións formativas respecto a anos anteriores, por exemplo no 1º semestre do 2016 existía unha previsión de realizar 260 cursos en toda Galiza. A estes cursos habería que engadir as accións formativas encamiñadas á renovación do carné de aplicador, básico ou cualificado, que se desenvolveron durante o 1º trimestre do ano, quedando suspendidos a partir do 2º trimestre, procedendo a administración a renovar automaticamente a autorización, previo pago de taxas e solicitude de renovación da persoa interesada.

Este Plan de formación continuada levouse a cabo a través de diferentes unidades administrativas da Consellería de Medio Rural. Para desenvolver a labor docente do Plan de formación continua, a Consellería de Medio Rural



recorre a persoal propio da administración e persoal docente alleo a ela. Estes colaboradores propios e/ou alleos levan sen cobrar seus servizos dende o inicio do Programa. A circular que regula este Programa ten data de 19 de xaneiro de 2016, a data límite de presentación de propostas para o 1º semestre do 2016 remataba o 31 de xaneiro, ampliándose posteriormente o prazo ata o 29 de febreiro e comezando a realización dos cursos no mes seguinte. Polo tanto, hai persoal docente que leva aproximadamente 10 meses sen cobrar.

Esta problemática nos pagos non é algo novo, vense repetindo ano tras ano, pero nunca cun atraso tan acumulado. Ás faltas de pagamentos ao persoal docente, habería que sumarlles os atrasos a provedores, o cal tamén é a tónica xeral deste Plan.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- 1. A que se debe o atraso no pagamento ao persoal docente?**
- 2. Cando se van abonar os pagos atrasados?**
- 3.- Pensa a Consellería do Medio Rural poñer solución a este problema no Plan de formación continuada 2017, para que esta problemática non se repita? Que medidas adoptará para que non se repitan estas situacións de morosidade por parte da administración?**

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 07/02/2017 13:54:29**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2017 13:55**  
**Nº Rexistro: 4657**  
Data envío: 07/02/2017 13:55:38.494

**Antón Sánchez García na data 07/02/2017 13:54:34**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/02/2017 13:54:46**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 02.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.5 4832(10/POC-000839)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre o alcance e a situación actual da praga de couza guatemalteca da pataca en Galicia, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde que se detectou a súa presenza e as previsións da Consellería do Medio Rural cara ao futuro

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 4832  
Data envío: 09/02/2017 14:36:06.595

### Á Mesa do Parlamento

**Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E. López Crespo, Silvestre J. Balseiros Guinarte e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 3 de novembro de 2015 o DOG Núm. 209, publicaba unha resolución do 16 de outubro do 2015 da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, pola que se declaraba a presenza da praga de corentena denominada Tecia solanivora Povolny, ou couza guatemalteca da pataca.

A Consellería do Medio Rural leva traballando dende 2015 no seguimento e control desta praga mediante accións informativas e desenvolvemento de accións directas para frear este problema, tales como medidas fitosanitarias, colocación de trampas para atrapar o insecto causante da praga, restricións ao movemento de pataca, establecemento de zonas de contención, etc..

Recentemente, publicouse no DOG unha resolución pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza desta praga da couza da pataca, sendo en total 31 municipios galegos os afectados por esta praga, correspondentes ás provincia da Coruña e Lugo.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o alcance e situación actual da praga da couza guatemalteca na Comunidade Autónoma de Galicia?
- 2.- Que actuacións levou a cabo o goberno Galego dende que se detectou a presenza da Tecia Solanivora?
- 3.- Cales son as previsións da Consellería do Medio Rural de cara ao futuro?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 4832  
Data envío: 09/02/2017 14:36:06.595**

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 09/02/2017 14:32:49**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/02/2017 14:33:01**

**José González Vázquez na data 09/02/2017 14:33:10**

**Moisés Blanco Paradelo na data 09/02/2017 14:34:03**

**Carlos Enrique López Crespo na data 09/02/2017 14:34:10**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 09/02/2017 14:34:19**

**Daniel Vega Pérez na data 09/02/2017 14:34:27**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 02.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 02.03.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

2.1      4552(10/PNC-000435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coas carencias de persoal cualificado que padecen as  
explotacións gandeiras de vacún de leite

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 4552**  
Data envío: 06/02/2017 11:13:39.450

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Galicia experimentou nos últimos anos unha perda importante de explotacións gandeiras de vacún de leite co conseguinte efecto negativo no emprego e despoboamento do medio rural. As que continúan coa actividade precisan redimensionarse optando moitas veces pola agrupación. Así é que a día de hoxe a porcentaxe de sociedades de distinto tipo (SAT, SC, SL, SCG) representan cada vez unha porcentaxe máis elevada.

A dinámica laboral destas explotacións mudou moito do que ata agora funcionaba nas explotacións familiares. A estrutura territorial e de instalación así como a especialización obriga a que algunhas tarefas sexan externalizadas. Así ocorre cos cultivos de forraxes e tamén en grande medida na recría de xovencas.

Por distintos motivos a man de obra familiar xa non é suficiente para atender este novo tipo de explotacións e faise preciso contratar persoal externo. Cada día son máis as granxas que poden ter futuro grazas ao persoal asalariado.

O que debería ser unha boa alternativa ante o desemprego no rural atópase con un grande inconveniente: non hai oferta de persoal cualificado para traballar nestas explotacións.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 4552**  
Data envío: 06/02/2017 11:13:39.450

Atopámonos aquí cun problema duplo que deberíamos ser quen de transformar nunha dupla oportunidade: o sector precisa persoal cualificado para traballar nas explotacións mais tamén precisa formarse para xestionar equipos e organizar tarefas.

Gandeiras e gandeiros deben enfrontar un novo reto, ademáis de manexar gando e cultivos, ocuparse da burocracia ligada á actividade. Teñen que incorporar persoal alleo e xestionar o equipo de xeito que a explotación funcione e sexa rendible.

Por todo o exposto anteriormente, desde o Grupo Parlamentar do BNG, fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Iniciar a interlocución necesaria co Sector de vacún de leite para diagnosticar as necesidades en materia de persoal cualificado para traballar nas explotacións.
2. Deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para traballadoras e traballadores de explotacións de vacún de leite, con programas moi prácticos e horarios axeitados e que redunden nun beneficio real para as persoas traballadoras e tamén para as explotacións.
3. Deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para as persoas propietarias das explotacións enfocados á xestión de equipos e tarefas.
4. Nas axudas á incorporación de xente moza incluír criterios de puntuación máis favorables para as persoas que presenten formación específica reglada na xestión de explotacións gandeiras.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 4552**  
Data envío: 06/02/2017 11:13:39.450

5. Habilitar axudas específicas para a contratación de servizos de substitución naquelas explotacións nas que, pola súa dimensión, non é posible a contratación de persoal asalariado.”

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2017 11:11:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2017 11:11:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2017 11:12:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2017 11:12:04**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:13**  
**Nº Rexistro: 4552**  
Data envío: 06/02/2017 11:13:39.450

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2017 11:12:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2017 11:12:13**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 02.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 4707(10/PNC-000450)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Agricultura en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a plantación de pataca

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, en relación á praga que está afectando á plantación de pataca.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A pataca ocupa un lugar de primeiro orde na nosa alimentación e na economía produtiva do mundo rural galego.

A praga que está afectando ás plantacións de pataca pola couza guatemalteca (*tecla solanivora*) continúa a avanzar polo noso país sen que se poñan as medidas precisas dende a Xunta de Galicia para freala e para avaliar os danos producidos. Nos últimos quince meses multiplicáronse por 10 os concellos afectados (de 3 en novembro de 2015 a 31, segundo o DOG do 6 de febreiro). Por agora, está a incidir nas zonas de autoconsumo, pero a praga podería chegar as zonas produtivas se non se toman medidas, podendo incluso afectar á IXP (Indicación Xeográfica Protexida) Pataca de Galicia

As agricultoras e agricultores atópanse nunha situación de incertidume que as administracións públicas deben solucionar. Aínda non se sabe se se prohibirá a plantación nin as medidas de prevención que se van a implantar. Dende a administración manéxase un borrador de Decreto no que non está claro que se inclúan indemnizacións nos lugares onde se prohiba plantar patacas, mentres non se concretan os prazos para que se publique este Decreto que actualice e amplíe



as medidas adoptadas en 2015 (Resolución do 16 de outubro de 2015, DOG do 3 de novembro) que, vista a extensión da praga, non parecen suficientes.

De feito, debería realizarse unha avaliación das medidas de prevención levadas a cabo até o de agora e detectar os fallos para poñer as condicións para mellorar as medidas de contención. Consideramos que a Resolución do 2 de febreiro de 2017 limítase a manter as medidas fitosanitarias de novembro de 2015 que, a vista dos feitos, amosaron a súa ineficacia.

A día de hoxe, non hai controles sobre as plantacións particulares, máis alá de recomendacións e apelacións á responsabilidade dos agricultores. Ademais de sobre a plantación, faise necesario actuar a través da comercialización da semente, para previr a expansión da praga. Tamén facer controles exhaustivos dos almacéns, elaborar un inventario de todas as plantacións e delimitar correctamente a zona afectada antes de que a praga se siga estendendo.

Ademais, atendendo á prevención, debería aumentarse o orzamento dedicado ás agrupacións de defensa fitosanitaria, coa fin de dotarnos de ferramentas para loitar contra este tipo de pragas.

Deberíase actuar canto antes, solucionando as dúbidas do sector. Os agricultores e agricultoras das áreas afectadas deben saber se poden sementar ou non, e que medidas de prevención se van implantar, tanto dende o Ministerio de Agricultura como dende a Consellería de Medio Rural.

Estamos ante un problema de saúde pública, ante o que só cabe actuar de maneira urxente e decidida, coa publicación inmediata dun Decreto para combater a praga e o establecemento de axudas compensatorias para os plantadores.



Por todo isto, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Facer unha avaliación das medidas de prevención adoptadas dende 2015 para evitar a extensión da praga da couza guatemalteca coa fin de detectar posibles insuficiencias
2. Elaborar un inventario de explotacións nas áreas afectadas e efectuar controles exhaustivos nos almacéns, para comprobar a incidencia da praga e avaliar os danos.
3. Reforzar a vixilancia da procedencia dos tubérculos e sementes que se vendan nos mercados locais, constatando a orixe da pataca e das sementes comercializadas.
4. Establecer unha liña de axudas ás persoas afectadas, con indemnizacións xustas ante a previsible prohibición do cultivo de patacas na área delimitada.
5. Instar ao Ministerio de Agricultura para axilizar a aprobación do Decreto que recolla medidas eficaces e rápidas para evitar a extensión da praga.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 4707**  
Data envío: 07/02/2017 19:23:23.816

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/02/2017 19:21:52**

**David Rodríguez Estévez na data 07/02/2017 19:22:05**

**Luis Villares Naveira na data 07/02/2017 19:22:12**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 02.03.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 4754(10/PNC-000457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para controlar e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca, atender os cultivadores afectados e cubrir os danos futuros, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A pataca (*Solanum tuberosum*) colleu carta de natureza nas nosas leiras a partir do século XIX e axudou notablemente na mantenza das familias do noso país, mesmo permitiu aguantar en mellores condicións os envites da fame. Desde esa época forman parte tanto da paisaxe como da dieta e tradición culinaria galega.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da polilla guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas Illas Canarias, e en 2015 detectase a súa presenza na zona de Ferrolterra, desde onde se expandiu a todos os concellos da Mariña lucense.

A día de hoxe, polas noticias que se coñecen, a praga está radicada no norte das provincias da Coruña e de Lugo, pero non hai elementos que nos dean seguranza da extensión da praga máis alá da zona indicada no norte da Coruña e Lugo.

De momento as grandes zonas de cultivo de pataca como A Limia e Bergantiños parece que están libres da presenza da praga ao igual que outra das zonas con IXP como é Lemos, pero non é menos certo que unha das zonas con IXP da pataca si está afectada, Terra Chá-Mariña lucense.

Á espera das medidas que se podan concretar no esperado decreto do Ministerio de Agricultura (por afectar a dúas comunidades autónomas) a Consellería ten posta en marcha unha coarentena que prohibe a saída da pataca. Se ben é certo que o control de plantación e comercialización dos grandes e medianos produtores pode ser doado e efectivo, pero non é menos certo que existen milleiros de potenciais cultivadores para autoconsumo que fan case imposible o control sobre o cultivo a pequena escala, e polo tanto do control da praga coa estratexia anunciada pola Consellería.



 Grupo Parlamentario

Diante da alarma suscitada pola presenza da polilla nas leiras do norte de Galicia, e sobre todo pola posibilidade da súa extensión ao resto do territorio e ás grandes zonas de cultivo para comercialización, estamos convencidos de que hai que avanzar tanto na diagnose como no xeito de tratamento desta praga

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para:

1º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para:

- a) Poñer en marcha un Plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da polilla guatemalteca que está a afectar á pataca, un dos bens máis prezados do campo galego.
- b) Dispor unha partida orzamentaria suficiente para atender aos afectados e cubrir os danos futuros.
- c) Realizar unha campaña de información e asesoramento dirixida aos agricultores e xentes do campo.

2º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central para solicitar de maneira urxente a publicación do real decreto que vai servir de base para enfrontar a praga.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 4754**  
Data envío: 08/02/2017 14:18:50.934



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 08/02/2017 14:16:22**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/02/2017 14:16:34**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2017 14:16:46**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---